

BASES DO CONCURSO DE MAIOS E COPLAS 2019

O próximo día 5 de maio celébrase na nosa cidade a tradicional Festa dos Maios, declarada no Consello da Xunta de Galicia do 4 de outubro de 2001 Festa de Galicia de Interese Turístico na provincia de Ourense.

Con tal motivo, a Concellaría de Cultura convoca un concurso de Maios e Coplas para ese día, de acordo coas seguintes **BASES**:

1.-Poderán participar nesta convocatoria todas as asociacións culturais, colexios, grupos, colectivos veciñais, entidades e calquera persoa que o desexe, sempre que sexa maior de idade.

2.-Haberá as seguintes modalidades:

- **MAIOS**

CATEGORÍAS:

Maio Enxebre é aquel maio tradicional e figurativo que representa pirámides, conos ou cruceiros. As súas medidas deben comprender como mínimo 1.5 metros de altura medidos desde o chan.

Maio Artístico é o que recrea, cos elementos tradicionais, escenas cotiás, monumentos ou obras de arte do pobo ou da cidade, personaxes, etc

Maio creativo é a representación dos maios enxebres (pirámides, conos ou cruceiros), podendo utilizar calquera técnica ou material

Maio infantil, realizado por nenos e nenas, menores de 18 anos. Deberán estar inscritos a nome dun menor e o representante legal para o cobro da subvención ou premio será un adulto.

Normas:

- As construcións de maio artístico que se presenten ao concurso terán que ser realizadas integramente para a ocasión e non utilizar obxectos recubertos, para crear formas ou figuras.
- O musgo que se utilice deberá estar cosido ao esparto, nunca pegado, que será causa de descalificación
- Os materias a empregar serán tradicionais: madeira, sacos de esparto, musgo, xestas, uces, carqueixas, carrabouxos, flores silvestres...
- As medidas do Maio enxebre non será menor de 1.5 e 2 metros de altura aproximadamente

- **COPLAS**

CATEGORÍAS:

- **Coplas Infantís**, realizadas por nenos e nenas menores de 18 anos
- **Coplas adultos**

Normas:

- Valorarase a retransa, a composición, o ritmo e a linguaxe utilizados. Penalizarase o uso de coplas copiadas de anos anteriores.
- O canto das coplas será no mesmo lugar no que estea situado o Maio.
- O xurado indicarlle ao colectivo que escollan unhas estrofas das súas coplas para ser valoradas, que serán, como máximo, 6, polas limitacións de tempo do xurado.



- Valorarase o uso da melodía tradicional e que as estrofas vaian enlazadas.
- Deberán entregarse, no momento de realizar a inscrición, oito exemplares co seu correspondente depósito legal no Rexistro Xeral do Concello e tamén en formato dixital ao correo auditorio.informacion@ourense.es

3.- O Concello designará un xurado cualificador procurando que sexa coñecedor da Festividade dos Maios e que non estea relacionado de forma directa coas agrupacións participantes. A súa decisión será inapelable. Ademais, un representante do colectivo gañador ás mellores coplas comprométese a formar parte do xurado da vindeira edición.

4.- O xurado valorará os maios presentados e as coplas, outorgando os seguintes premios:

Premio Maio artístico : 500,00€
Premio Maio enxebre 300,00€
Premio Maio creativo: 200,00€
Premio maio infantil: 300,00€
Premio mellores coplas 200,00€
Premio mellores coplas infantís: 200,00€

5.- Ademais, esta concellaría concederá unha axuda pola participación de 200,00 € para todos os Maios presentados salvo para os Maios artísticos, que será de 400,00 € , logo da comprobación e estudo por parte do xurado competente de que o Maio está debidamente elaborado.

6.- Os premios serán compatibles coas axudas por participación. É condición imprescindible para percibir o premio ou a axuda presentar no Rexistro Xeral do Concello no momento da inscrición a fotocopia do DNI ou NIF do perceptor e a folia de terceiros debidamente cuberta (deberá coincidir cos datos da inscrición) e asinada pola entidade bancaria, no caso de non tela presentado con anterioridade neste concello

7.- Os premios e axudas deberáselles aplicar o desconto correspondente que marca a Lei.

8.- Cada participante terá que presentar maio e coplas. As coplas terán que entregarse co seu correspondente depósito legal.

9.- A contía global máxima que se concederá nesta convocatoria será de 15.000,00 euros con cargo á partida 200.3340.48951, do orzamento municipal vixente.

10.- Os Maios deberán chegar ao lugar da celebración da festa ao redor das 11 horas e iranse colocando no lugar que a organización indique.

11.- Todos os participantes recibirán un diploma que acredite a súa participación nos Maios 2019.

12.- A inscrición dos participantes farase no Rexistro Xeral do Concello mediante o modelo de inscrición que se achega (poderá descargarse desde www.ourense.gal, www.ourensecultura.es ou na Concellaría de Cultura, rúa da Canle nº 2-Auditorio Municipal).

13.- O prazo improrrogable de inscricións rematará o día 30 de abril ás 14.00 horas.

14.- Ao remate da festa, será obrigatorio retirar o Maio; en caso de non retiralo perderá a axuda por participación e, de ser o caso, o premio que lle puidese corresponder.

15.- O feito de participar neste Concurso implica a total aceptación e conformidade das presentes Bases. Todas as incidencias non previstas nestas Bases serán resoltas pola Concellaría de Cultura ou polo Xurado cando este quede constituído.

Para calquera dúbida, discrepancia, reclamación ou cuestión que poida suscitarse sobre a interpretación e execución das presentes bases, as partes renuncian ao foro propio que puidese corresponderlles e sométense expresamente á xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Ourense.



CONCELLARÍA DE CULTURA

Rúa da Canle 2
32004 - OURENSE

Tel: 988 39 1290

A persoa ou entidade gañadora autoriza o tratamento de datos persoais e a súa inclusión nun ficheiro xestionado polo Concello de Ourense coa finalidade de estatística. A persoa interesada poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 15/1999 mediante correo electrónico a cultura@ourense.es ou por correo ordinario á Concellería de Cultura (rúa da Canle 2– 32005 Ourense).

Ourense, na data da sinatura electrónica



Concello de
OURENSE
Cultura

CONCELLARÍA DE CULTURA

Rúa da Canle 2
32004 - OURENSE

Tel: 988 39 1290



**Impreso inscrición
Maio 2019**

Datos solicitante

Nome e apelidos: _____ NIF: _____

Nome da vía: _____ Núm. ____ Piso: ____ Porta: ____

CP: _____ Localidade: _____ Tlf.: _____ E-mail: _____

Solicita inscribirse no concurso dos Maio 2019:

Datos do Maio

Nome	Categoría	
	Artístico: <input type="checkbox"/>	Enxebre: <input type="checkbox"/>
	Creativo: <input type="checkbox"/>	Infantil: <input type="checkbox"/>

Datos fiscais

Nome e apelidos / Razón social	DNI / CIF

Observacións

Ourense, ____ de _____ de 2019
Sinatura